

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTA COMBA

*Acordo do Pleno do 24 de maio de 2024 do Concello de Santa Comba polo que se aproba definitivamente a aprobación conxunta do proxecto de obras "Urbanización da rúa Obispo García Pardiñas e a relación de bens e dereitos". Expediente: 2023/X999/000009*

#### ANUNCIO

Acordo do Pleno do 24 de maio de 2024 do Concello de Santa Comba polo que se aproba definitivamente a aprobación conxunta do proxecto de obras "Urbanización da rúa Obispo García Pardiñas e a relación de bens e dereitos". Expediente: 2023/X999/000009

#### Acordo do Pleno da Corporación

- Desestimar a alegación que formula Paloma Suárez Ferreiro, como representante da súa nai, Carmen Ferreiro García, en relación coa finca co número catastral 5748580NH1654N0001QU, (RE núm. 202399900000826 do 26/04/2023):  
Motivo: a ocupación dos terreos son os estritamente necesarios para realizar o proxecto, segundo o informe técnico redactor do proxecto, do que se achegará copia á persoa interesada titular xunto coa notificación do acordo.
- Aprobar definitivamente o proxecto de obras para a Urbanización da Rúa Obispo García Pardiñas en Santa Comba, que elabora a Consultoría de Enxeñería, Medio Ambiente e Arquitectura (CIMARQ), e asina o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Gustavo Vázquez Herrero, colexiado núm. 17803, cun orzamento base de licitación de 28.681,55 € (IVE 21 % engadido).
- Aprobar con carácter definitivo a relación concreta, individualizada e valorada, dos bens e dereitos a ocupar necesariamente para a execución das obras, e que se expresan ao final deste acordo, así como a designación nominal dos interesados cos que han de entenderse os sucesivos trámites.
- Considerar que con todo o actuado queda demostrada a necesidade de ocupación dos bens e dereitos a que refírese este expediente, e por tanto, acórdase a necesidade de ocupación dos mesmos, considerando que este acordo inicia o expediente expropiatorio, entendéndose todas as actuacións posteriores referidas a esta data.
- Notificar este acordo ás persoas interesadas titulares de bens e dereitos que constan no expediente, conferíndolles un prazo de 20 (vinte) días, para que podan presentar escrito de desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado.
- Entender aceptada a valoración e determinado o prezo xusto definitivamente e de conformidade se as persoas interesadas non formulasen oposición no prazo dos 20 (vinte) días sinalado.
- Poñer de manifesto a conveniencia de que as persoas afectadas deban presentar nesta Administración certificacións de titularidade do rexistro da propiedade e demais documentos que acrediten a titularidade dos bens e dereitos afectados, advertindo de que o pago unicamente se realizará a favor dos titulares rexistrados do dominio, ou no suposto de fincas que non figuren inscritas no rexistro da propiedade, a favor do titular segundo os títulos xustificativos do seu dereito completados con certificacións negativas do rexistro da propiedade; no resto de casos, procederase a consignar na Caixa Xeral de Depósitos o importe dos xustos prezos das fincas.
- Notificar, no seu caso, este acordo ao Ministerio Fiscal para os efectos establecidos no artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, en relación coas persoas descoñecidas e as non comparecentes no procedemento expropiatorio.
- Publicar este acordo de aprobación definitiva no Boletín Oficial de la Provincia e nun dos xornais de maior circulación da provincia. Tamén no taboleiro de edictos electrónico da sede electrónica municipal.
- Delegar e facultar ao alcalde para cantas actuacións se deriven dos trámites subseguintes a este acordo no expediente expropiatorio.
- Informar as persoas interesadas que contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte da notificación desta resolución (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa) ou, con carácter previo e potestativo, poderase interpoñer recurso de reposición ante o propio órgano que ditou o acordo nos termos previstos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## ANEXO

## Descrición material e valoración de bens e dereitos a expropiar

Finca núm.	Referencia catastral	Superficie total	Superficie a expropiar (m <sup>2</sup> )	Titular
1	5748579NH1654N0001LU	194 m2	16 m2	Ferreiro García, Sofía Teresa
2	5748580NH1654N0001QU	195 m2	38 m2	Ferreiro García, Carmen
3	5748508NH1654N0001YU	59 m2	59 m2	Redondo García, José Luis

Referencia catastral	Clase	Situación	NIF titular	Valor do solo expropiado	Premio afección (5%)	Valoración Total
5748579NH1654N0001LU	Urbano	Marxe dereita (dirección rúa de Obispo García Pardiñas (da rúa Corredoira da Torre)	***8789**	1.020,00 €	51,00	1.071,00 €
5748580NH1654N0001QU	Urbano		***6095**	2.422,50 €	121,12	2.543,62 €
5748508NH1654N0001YU	Urbano		***4157**	3.761,25 €	188,06	3.949,31 €
Total valoración expropiación				7.203,75 €	360,18	7.563,93 €

Santa Comba, 30 de xullo de 2024

O alcalde

Alberto Romar Landeira

(Documento que se asina electronicamente)

2024/5636